

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE INICIA O EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2024/2025.

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña (UDC), na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2020, aprobou o Regulamento de premios extraordinarios de grao.

O Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificación nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE/BOE núm. 224, do 18 de setembro de 2003).

O Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade (BOE/BOE núm. 233, do 29 de setembro de 2021).

O Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e as Universidades do SUG publicado por Resolución de 15/09/2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece a valoración dos expedientes académicos, asinado con data de 27 de xuño de 2011 e publicado por Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no DOG núm. 188, do 30 de setembro de 2011.

De acordo co exposto,

RESOLVO:

Iniciar o expediente de concesión de Premios Extraordinarios de Grao correspondentes ao curso académico 2024/2025, en todas as titulacións que se imparten nesta universidade de acordo co que se refire a continuación:

1. Destinatarios

O alumnado que finalizase os estudos de grao na Universidade da Coruña no curso académico 2024/2025, coas mellores cualificacións e cunha nota media non inferior a notable no expediente académico.

Consonte o disposto no artigo 2 do Regulamento de Premios Extraordinarios de Grao, queda excluído o alumnado de grao que finalizase os seus estudos mediante a superación dun curso de adaptación para titulados.

2. Número de premios

O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación é o que figura no **Anexo I** desta resolución, unha vez aplicadas as porcentaxes previstas no apartado 2.3, do artigo 2 do Regulamento de Premios Extraordinarios de Grao.

3. Procedemento

3.1. Valoración dos expedientes académicos

Consonte o disposto no apartado 2.4 do artigo 2, do Regulamento de Premios Extraordinarios de Grao, os expedientes académicos valoraranse pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

O criterio para a concesión será a nota media do expediente académico calculada consonte o disposto no "Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as

Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos”.

3.2. Relación priorizada de expedientes académicos

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización elaborará unha relación priorizada provisional daquelas persoas con expedientes académicos que obtivesen unha nota media igual ou superior a notable (7) de acordo ao número posible de premios. Esta relación será publicada no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC. Contra esta relación provisional, as persoas interesadas no procedemento poderán presentar unha reclamación no prazo de 5 días hábiles que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación, para o que poderán utilizar o modelo **Anexo II**.

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización resolverá as reclamacións e publicará no mesmo taboleiro de anuncios a relación definitiva daquelas persoas que poderán ser propostas para a concesión de premio extraordinario.

3.3. Aceptación do premio

As persoas que figuren na relación priorizada provisional para a concesión do premio extraordinario de grao que non presenten reclamación, deberán manifestar a aceptación da percepción do importe concedido consonte a **base 4.3** desta convocatoria, cumprimentando o **Anexo III-1a**, ademais de tramitar a alta de datos bancarios, indicando unha conta bancaria ao seu nome (preferentemente do Banco Santander), para que a universidade lle realice a transferencia. Este trámite debe realizarse a través da sede electrónica no seguinte enlace https://sede.udc.gal/services/procedures/eco_003 ata o día indicado na base **6. Calendario** desta convocatoria.

As persoas que reclamen á relación priorizada provisional para a concesión do premio extraordinario de grao, deberán tamén manifestar a aceptación da percepción do importe concedido, no caso de que a súa reclamación fose aceptada, consonte a **base 4.3**, cumprimentando o **Anexo III-1b**, ademais de tramitar a alta de datos bancarios, indicando unha conta bancaria ao seu nome (preferentemente do Banco Santander), para que a universidade lle realice a transferencia. O trámite da alta dos datos bancarios debe realizarse a través da sede electrónica no seguinte enlace https://sede.udc.gal/services/procedures/eco_003.

Tanto as persoas propostas provisionalmente como aquelas que reclamen, deberán inscribirse obrigatoriamente na páxina www.becas-santander.com, ata o día indicado na base **6. Calendario** desta convocatoria.

No caso de renunciar á percepción do importe asociado ao premio, deberán cumprimentar, en prazo indicado na base **6. Calendario** desta convocatoria, o **Anexo III-2a** -persoas que non reclaman- ou o **Anexo III-2b** -persoas que reclaman-, segundo o caso.

A aceptación presentárase na Sede electrónica, no Rexistro Xeral ou nos Rexistros dos Centros, ou ben por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC considerarase válida para os efectos de notificación aos interesados, sen prexuízo de que se lles poida remitir un aviso mediante correo electrónico.

En caso de non presentar a aceptación dentro do prazo indicado, entenderase que a persoa proposta renuncia de forma voluntaria á concesión do devandito premio, que se declarará “Deserto”. A falta de inscrición en prazo na páxina www.becas-santander.com non supoñerá a renuncia da persoa proposta ao premio.

4. Proposta definitiva, concesión e efectos

4.1. Remisión da proposta definitiva

A proposta definitiva será remitida pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización ao reitor, para a súa elevación ao Consello de Goberno.

4.2. Acordo de concesión

Os premios extraordinarios concederanse polo Consello de Goberno da UDC, a aqueles/as alumnos/as con mellor expediente académico, que cumpran os requisitos do artigo 3.1 do Regulamento de Premios Extraordinarios de Grao, no número que se indica no **Anexo I** desta resolución.

A relación das persoas premiadas publicárase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, consonte o establecido na Disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

O acordo do Consello de Goberno esgotará a vía administrativa. Contra o devandito acordo, poderá interpoñerse:

- a) ben un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á súa publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;
- b) ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4.3. Efectos

As persoas premiadas recibirán un diploma acreditativo expedido polo reitor da Universidade da Coruña, e unha dotación económica de 862,06 €. O abono do importe farase por parte da Universidade da Coruña mediante transferencia bancaria consonte o procedemento que para estes efectos estableza o Banco Santander. Aplicaráselle as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

A concesión do premio figurará no expediente académico da persoa premiada e farase constar fidedignamente no expediente do alumnado e naqueles documentos oficiais, nas condicións que a normativa vixente prevea.

Así mesmo, a concesión do premio extraordinario dará dereito á exención dos prezos públicos pola expedición do título de grao ou, no seu caso, á devolución dos mesmos.

5. Financiamento

Estes premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 040A250005 422D 48002 dotada con 50.000 € (condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da UDC para o exercicio 2026) cofinanciados entre a Universidade da Coruña e o Banco Santander, dentro do convenio xeral entre ambas as entidades.

6. Calendario

- | | |
|------------|--|
| 20/11/2025 | Publicación da relación priorizada provisional de proposta de concesión de premios extraordinarios no Taboleiro Electrónico Oficial. |
| 20/11/2025 | Data de inicio do prazo para a aceptación do premio (Anexos III-1a ou III-1b, segundo o caso). |
| 20/11/2025 | Data de inicio do prazo para a renuncia á percepción do importe asociado ao premio (Anexos III-2a ou III-2b, segundo o caso). |
| 21/11/2025 | Data de inicio do prazo para presentar reclamacións á relación priorizada provisional (Anexo II). |
| 27/11/2025 | Data de fin do prazo para presentar reclamacións á relación priorizada provisional. |

- 03/12/2025 Data de fin do prazo para a aceptación do premio.
- 03/12/2025 Data de fin do prazo para a renuncia á percepción do importe asociado.
- 09/12/2025 Data de fin do prazo para o rexistro na páxina www.becas-santander.com.
- 09/12/2025 Publicación da relación priorizada definitiva de proposta de concesión de premios extraordinarios, tras o estudo das reclamacións.

Aprobación polo Consello de Goberno da proposta de concesión dos premios extraordinarios, na data que proceda.

7. Protección de datos

Consonte o artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RGPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son r/Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos conforme á normativa.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Universidade da Coruña, como o Taboleiro Electrónico Oficial, páxina web ou taboleiros de anuncios.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nos citados taboleiros.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida á seguinte dirección: Segregaría Xeneral, Reitoría/Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, á que se lle achegará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Con todo, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o

recurso contencioso-administrativo mencionado no parágrafo anterior ata que non exista unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, consonte os artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,
O reitor
PD. (RR. 10-07-2024)
Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización
Moisés Canle López

Anexo I

Número de premios extraordinarios por titulación 2024/2025

Titulación	Alumnado	Núm. Premios
Grao en Administración e Dirección de Empresas	164	3
Grao en Arquitectura Técnica	11	1
Grao en Bioloxía	59	1
Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos	40	1
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	104	2
Grao en Ciencias Empresariais	47	1
Grao en Comunicación Audiovisual	50	1
Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos	53	1
Grao en Dereito	190	3
Grao en Economía	30	1
Grao en Educación Infantil	119	2
Grao en Educación Primaria	135	2
Grao en Educación Social	59	1
Grao en Enfermaría (Coruña)	66	1
Grao en Enfermaría (Ferrol)	76	2
Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	13	1
Grao en Enxeñaría Eléctrica	10	1
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	16	1
Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto	76	2
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	17	1
Grao en Enxeñaría Informática	198	3

Grao en Enxeñaría Mecánica	24	1
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	20	1
Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	43	1
Grao en Estudos de Arquitectura	36	1
Grao en Fisioterapia	71	1
Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	12	1
Grao en Humanidades	2	1
Grao en Información e Documentación	1	1
Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	39	1
Grao en Logopedia	63	1
Grao en Máquinas Navais	3	1
Grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía	26	1
Grao en Náutica e Transporte Marítimo	35	1
Grao en Paisaxe	4	1
Grao en Podoloxía	49	1
Grao en Química	33	1
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Coruña)	39	1
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)	29	1
Grao en Socioloxía	81	2
Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil	9	1
Grao en Tecnoloxías Mariñas	9	1
Grao en Terapia Ocupacional	46	1
Grao en Turismo	36	1
Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación	8	1
Grao en Xestión Industrial da Moda	45	1

Anexo II**MODELO DE RECLAMACIÓN****PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2024/2025**

DATOS DO/A ALUMNO/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TÍTULO DE GRAO			
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO (UDC)		

EXPOÑO:

1. Que, con data 20/11/2025, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a Resolución reitoral pola que se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de grao correspondentes ao curso académico 2024/2025.

2. Que, coa mesma data, foi publicada a proposta provisional para o premio extraordinario de
no curso 2024/2025.

4. Que considero que esta proposta é errónea polo/os seguinte/s motivo/s:

☐ A nota media do meu expediente é igual ou superior á dalgunha persoa proposta.

☐ A nota media coa que figuro é superior á indicada na proposta.

☐ Outros motivos (indicar):

.....
.....

5. Que, como proba do indicado, achego a documentación que acompaña a esta reclamación.

SOLICITO:

Que se acepte esta reclamación e procédase á corrección do erro indicado.

....., de 2025

Asdo.:

SR. REITOR

Anexo III-1a (Persoas que non reclaman)

ACEPTACIÓN DO PREMIO

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2024/2025

DATOS DO/A ALUMNO/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TÍTULO DE GRAO			
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO (UDC)		

EXPOÑO:

1. Que, con data 20/11/2025, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a Resolución reitoral pola que se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de grao correspondentes ao curso académico 2024/2025.

2. Que, con data 20/11/2025, fun proposto provisionalmente para o premio extraordinario de no curso 2024/2025.

3. Que, no caso de que esta proposta provisional convértase en definitiva, acéptoa para todos os efectos: a expedición do diploma acreditativo, a súa constancia no meu expediente académico e a dotación económica (862,06 €), e autorizo á Universidade da Coruña a que os meus datos consten nas diferentes publicacións e documentación necesarias.

4. Que, de serme concedido o premio, autorizo a que ingresar o seu importe na conta bancaria indicada no trámite de alta de datos bancarios a través da sede electrónica.

5. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta autorización.

....., de 2025

Asdo.:

SR. REITOR

Anexo III-1b (Persoas que reclaman)

ACEPTACIÓN DO PREMIO

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2024/2025

DATOS DO/A ALUMNO/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TÍTULO DE GRAO			
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO (UDC)		

EXPOÑO:

1. Que, con data 20/11/2025, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a Resolución reitoral pola que se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de grao correspondentes ao curso académico 2024/2025.

2. Que, con data 20/11/2025, foi publicada a proposta provisional para o premio extraordinario de no curso 2024/2025.

3. Que presenteí unha reclamación á devandita proposta provisional.

4. Que, no caso de que figure na proposta definitiva de persoas premiadas, acepto o premio para todos os efectos: a expedición do diploma acreditativo, a súa constancia no meu expediente académico e a dotación económica (862,06 €), e autorizo á UDC a que os meus datos consten nas diferentes publicacións e documentación necesarias.

5. Que, de serme concedido o premio, autorizo a que ingresar o seu importe na conta bancaria indicada no trámite de alta de datos bancarios a través da sede electrónica.

6. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta autorización.

....., de 2025

Asdo.:

SR. REITOR

Anexo III-2a (Persoas que non reclaman)

ACEPTACIÓN DO PREMIO SEN REMUNERACIÓN ECONÓMICA

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2024/2025

DATOS DO/A ALUMNO/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TÍTULO DE GRAO			
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO (UDC)		

EXPOÑO:

1. Que, con data do 20/11/2025, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a Resolución reitoral pola que se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de grao correspondentes ao curso académico 2024/2025.

2. Que, con data 20/11/2025, fun proposto provisionalmente para o premio extraordinario de no curso 2024/2025.

3. Que acepto a proposta para os efectos da expedición do diploma acreditativo e da súa constancia no meu expediente académico, e autorizo á UDC a que os meus datos consten nas diferentes publicacións e documentación necesarias.

4. Que **renuncio á dotación económica** establecida pola obtención do premio.

5. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta autorización.

....., de 2025

Asdo.:

SR. REITOR

Anexo III-2b (Persoas que reclaman)

ACEPTACIÓN DO PREMIO SEN REMUNERACIÓN ECONÓMICA

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2024/2025

DATOS DO/A ALUMNO/A			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TÍTULO DE GRAO			
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO (UDC)		

EXPOÑO:

1. Que, con data do 20/11/2025, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a Resolución reitoral pola que se inicia o expediente de concesión de premios extraordinarios de grao correspondentes ao curso académico 2024/2025.

2. Que, con data 20/11/2025, foi publicada a proposta provisional para o premio extraordinario de no curso 2024/2025.

3. Que presenteí unha reclamación á devandita proposta provisional.

4. Que, no caso de que figure na proposta definitiva de persoas premiadas, acepto a proposta para os efectos da expedición do diploma acreditativo e da súa constancia no meu expediente académico, e autorizo á UDC a que os meus datos consten nas diferentes publicacións e documentación necesarias.

5. Que **renuncio á dotación económica** establecida pola obtención do premio.

6. Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta autorización.

....., de 2025

Asdo.:

SR. REITOR